

Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19.

Mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 adoptáronse medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Conforme o punto sexto do dito Acordo, as medidas preventivas previstas nel deben ser obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

O Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-21 (<https://www.edu.xunta.gal/portal/medidas-coronavirus>) establece que a suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.

Entre outras medidas para os centros educativos establece medidas de carácter organizativo, entre as que está a elaboración dun “Plan de Continxencia” que será aprobado pola dirección do centro, de conformidade coas previsións do modelo que figura no Anexo VI no que se establecerán as medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

O “Plan de Continxencia” do centro educativo ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula, etapa educativa ou centro.

O protocolo establece que o ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo.

O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o profesorado poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.



A Orde do 18 de setembro de 2020 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade crea o Comité Educativo de Persoas Expertas para afrontar a emerxencia sanitaria derivada da pandemia.

O Comité Educativo de Persoas Expertas ten como ámbito de actuación os aspectos relativos á adaptación do sistema educativo á situación de pandemia derivada do COVID-19, co fin de que sexa abordada con rigor científico e de xeito colexiado desde ópticas educativas complementarias e coordinadamente co traballo doutros comités científicos e autoridades sanitarias competentes.

Dentro das súas funcións, se recolle a de propoñer e avaliar medidas educativas, organizativas e de xestión, que favorezan a mellor resposta posible desde criterios de inclusión, equidade e calidade, tendo en conta as particularidades e especificidades dos diferentes centros educativos.

O proceso de ensino aprendizaxe, para que sexa efectivo, necesita do mantemento dunhas rutinas que pasan por unha interacción entre o alumnado e o profesorado, explicación de conceptos, realización de tarefas, resolución de dúbidas, avaliación do progreso, que ineludiblemente conleva unha estruturación do proceso mediante a organización dun horario similar ao desenvolto nunha situación de presencialidade, empregando ferramentas de comunicación e aulas virtuais.

Este horario para o docencia a distancia, de obrigado cumprimento para o alumnado e profesorado, e referencia para as familias, deberá establecer un orde no proceso formativo similar ao ensino presencial, que permita avanzar nas programacións das áreas, ámbitos, materias ou módulos pero sen obrigar ao alumnado e ao profesorado a unha conexión continua, para conseguir que o proceso ensino aprendizaxe sexa o máis efectivo posible.

O Comité Educativo, na xuntanza do día 20 de outubro de 2020, debateu e aprobou a proposta da Consellería de incorporar ao Plan de Continxencia o horario de ensino a distancia para cada grupo de alumnos do centro educativo no caso de peche de aulas, e considerouse por unanimidade de interese esta medida, polo que se vai a proceder a súa incorporación ao Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso o curso 2020-2021.

Por resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaria Xeral de Educación e Formación Profesional se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021



Para o desenvolvemento desta medida nos centros educativos esta Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

RESOLVE:

Artigo 1º.- Obxecto

Elaborar un horario para cada grupo de alumnos do centro, que na actualidade están a seguir ensinanzas presenciais ou semipresenciais, a fin de continuar, no caso de peche da aula por decisión das autoridades sanitarias, o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe a distancia coa debida interacción entre os alumnos do grupo e o profesorado de cada unha das áreas, ámbitos, materias ou módulos.

Artigo 2º.- Ámbito de aplicación

A presente resolución será de aplicación ós centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado de terceiro de educación primaria en adiante, tal e como se establece no apartado 29.2 do Protocolo aprobado por Resolución do 22 de setembro de 2020 das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e da de Sanidade.

Artigo 3º.- Elaboración dun horario para os supostos de ensino a distancia

- 1) A dirección do centro educativo, en coordinación co equipo docente do grupo de alumnos, elaborará un horario semellante ao que se está desenvolvendo na actualidade en réxime de presencialidade ou semipresencialidade, coa carga horaria que se estime pertinente para cada área, ámbitos, materia ou módulo, respectando un mínimo do 60% da carga lectiva de cada área, ámbito, materia, módulo establecido na normativa vixente, tendo en conta o esforzo que vai a supoñer para o alumnado e o profesorado o seguimento da actividade a través de medios telemáticos.
- 2) Considerando a situación de evolución da pandemia, esta distribución horaria deberá elaborarse no prazo máximo de unha semana desde o data de publicación de esta Resolución.
- 3) Estes horarios deberán ser aprobados provisionalmente pola dirección do centro e remitidos á inspección educativa para a súa supervisión e autorización definitiva.
- 4) Os horarios aprobados provisionalmente pola dirección do centro deberán incorporarse ao Plan de Continxencia, comunicados ao profesorado e alumnado para o seu cumprimento, informados ás familias a través do/a titor/a do grupo de alumnos e publicados na páxina web do centro ou outro medio que garanta a recepción da información por parte das familias.



Artigo 4º.- Aplicación dos horarios no proceso de ensino a distancia

1. O profesorado de cada área, ámbito, materia ou módulo e o alumnado do grupo deberán conectarse a través dos servizos dixitais educativos corporativos, que no caso dos centros públicos son os que garanten o tratamento seguro dos datos de carácter persoal, á hora que se establece no correspondente cadro horario diario incorporado ao Plan de Continxencia do centro.
2. No Plan de continxencia deberán establecerse o proceso e o momento de conexión, que debe ser coa antelación suficiente para o aproveitamento do período lectivo establecido no referido cadro horario.
3. O proceso de ensino aprendizaxe durante a formación a distancia deberá seguir as normas establecidas para o ensino presencial, coas adaptacións que procedan motivadas pola metodoloxía empregada.
4. O/a titor/a informará aos pais nais ou tutores legais do alumnado menor de idade e ao alumnado maior de idade das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe, así como do control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos, que realizará diariamente o profesor mediante as ferramentas habituais, e das súas consecuencias no proceso de avaliación que o equipo docente ten establecido na súa programación didáctica.
5. O/a orientador/a do centro educativo, no horario establecido pola dirección do centro, velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade, coordinará a atención ao alumnado NEE por parte do persoal adscrito ao departamento de orientación, realizará as correspondentes reunións telemáticas para o desenvolvemento e seguimento do Plan de Acción Titorial, realizará as súas funcións, establecidas no artigo 6 do Decreto 120/1998, do 29 de abril, empregando as distintas ferramentas dixitais, ben a demanda dos tutores/as ou dos pais/nais ou tutores legais do alumnado.
6. A dirección do centro, a través da xefatura de estudos, requirirá ao final de cada semana unha relación de actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido, de acordo co modelo que se achega (Anexo-1)
7. Na distribución horaria semanal que se estableza deberá figurar unha sesión de tutoría para alumnado, e unha sesión de tutoría para familias, nas que o/a titor/a desenvolverá as funcións que lle son propias.
8. A dirección do centro deberá realizar, á maior brevidade posible, a adaptación das Normas de Organización e Funcionamento (NOF) para o desenvolvemento do actividade de ensino-aprendizaxe no ensino a distancia a fin de acadar un clima escolar idóneo que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar.



Artigo 5º.- Formación e información para o ensino a distancia

1. Para o desenvolvemento efectivo do proceso de ensino-aprendizaxe a distancia, compre que o profesorado e o alumnado conte coas competencias necesarias para o uso dos medios telemáticos que se vaian a empregar, e así mesmo que aos pais/nais ou representantes legais teñan toda a información para que podan apoiar ao alumnado no proceso. Para tal efecto:
 - a) A dirección do centro promoverá as actividades de información e formación necesarias para que todo o profesorado poida utilizar con efectividade os medios telemáticos de comunicación co alumnado e as súas familias ou representantes legais, así como o uso efectivo da aula virtual; para elo empregará os recursos formativos que posúe no centro ou solicitará o apoio do asesor Abalar ou asesores do Centro de Formación e Recursos.
 - b) O profesorado de cada área, ámbito, materia ou módulo experimentará no centro cos alumnos o uso dos medios de comunicación telemática, así como a aula virtual, a empregar no caso de ter que desenvolver un proceso de ensino-aprendizaxe a distancia.
 - c) O/a titor/a de cada grupo de alumnado proporcionarlle información aos pais/nais ou representantes legais sobre o uso dos medios de comunicación telemática, así como da aula virtual, para poder axudar ao alumnado no caso de ter que desenvolverse un proceso de ensino-aprendizaxe a distancia. A información aos pais/nais ou representantes legais realizarase polo procedemento que se estime máis efectivo e preferentemente de xeito telemático.

A información sobre os distintos servizos educativos dixitais está dispoñible no seguinte enderezo <https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/servizos-dixitais>.

Disposición derradeira.- Entrada en vigor

Esta resolución entrará en vigor o día da súa publicación.

Santiago de Compostela, (data da sinatura dixital)

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional

José Luis Mira Lema

